

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Vista a Resolución de concesión dunha subvención, de data 24 de xuño de 2021, da Xefa da Delegación Territorial de Lugo da Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021, a través da que se concede unha subvención para a contratación de 1 condutor operador de maquinaria forestal e 2 traballadores forestais a xornada completa por un período de 9 meses para a obra/servizo Conservación Forestal.

Vista a urxente necesidade de realizar estas contratacións co fin de cumprir os obxectivos establecidos na resolución da concesión da devandita subvención, na que o último día para o inicio da obra/servizo denominada Conservación Forestal é o 30 de xullo.

Vistas as bases de convocatoria que regulan o proceso de selección de carácter laboral temporal de **1 condutor operador de maquinaria forestal e 2 traballadores forestais a xornada completa** para o Concello de Mondoñedo, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía núm. 2021-0126, do 5 de xullo de 2021.

Vista a Base Quinta na que se establece que rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde aprobará, a lista de admitidos/as e excluídos/as coa especificación do motivo da exclusión. No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

En virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de admitidos e excluídos coa especificación, de ser o caso, do motivo da exclusión:

CANDIDATAS/OS INCLUÍDOS CONDUTOR OPERADOR MAQUINARIA FORESTAL

APELIDOS E NOME	DNI
1.- CABADO RICO, ÓSCAR	***6922**
2.- VEIGA COTO, DOMINGO	***4739**

Segundo.- Tal e como establece a base quinta de convocatoria, no seu punto dous, no caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

Terceiro.- Designar como membros do Tribunal Cualificador:

Presidente: María Esther Otero González (Responsable da Oficina de Información Xuvenil)

Secretario: José Manuel Otero Corral (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local)

Vogais:

Sonia María Fraga Otero (Traballadora Social do Concello)

Manuel Alonso Alonso (Empregado da Brigada de Obras Municipal)

Alberto Pérez Cuba (Empregado da Brigada de Obras Municipal)

Cuarto.- Convocar aos membros do Tribunal Cualificador o vindeiro luns 26 de xullo de 2021 ás 08.30 h para a constitución do tribunal e a oportuna baremación de méritos, é ás 09:30 h. no Local Social da Parroquia de Masma, situado en A Seara (A Retorta), s/n, Masma, 27749 Mondoñedo, para a proba da fase de oposición.

Quinto.- Convocar aos **candidatos/as incluídos/as** para a realización da **fase de oposición** o vindeiro **luns 26 de xullo ás 09:30 h.** no Local Social da Parroquia de





Praza do Concello, 1
27740 Mondoñedo (Lugo)

Masma, situado en A Seara (A Retorta), s/n, Masma, 27749 Mondoñedo, para a proba da fase de oposición.

Rógase aos candidatas/os que se presenten con funda de traballo e botas de seguridade, de ser posible.

As/os candidatas/os deberán vir provistos de mascarilla hixiénica e manter a distancia de seguridade cos outros candidatas/os mentres non sexan chamados para realizar a proba. Así mesmo, os/as candidatos/as deberán presentarse provistos/as do Documento Nacional de Identidade ou calquera outro documento legal que o substitúa que permita a identificación do candidato/a.

Sexto.- Os candidatOs que deberán superar a proba de galego, no caso de superar o exercicio da fase de oposición son os seguintes:

1.- CABADO RICO, ÓSCAR	***6922**
2.- VEIGA COTO, DOMINGO	***4739**

Séptimo.- Ordenar a publicación da lista nos termos recollidos nesta convocatoria.

Así o ordena e asina o Sr. Alcalde.
Mondoñedo, na data de sinatura

O Alcalde
Manuel Ángel Otero Legide

Ante min,
a secretaria-interventora accidental
María Remedios Rego Villalba

(documento asinado dixitalmente a marxe)

